



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

CASA DO ÁNGEL

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.975458, -8.761595

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Estás

Lugar: Igrexa

Cronoloxía: 1932

Construtor: descoñecido

Promotor: José Benito Domínguez

Propiedade: privada

Uso actual: habitada

Estado de conservación: regular

Comentario e descrición:

Vivenda unifamiliar de planta en «L» e tellado a dúas augas. Estrutúrase en dous andares máis bufarda. A fachada principal artículase en tres rúas. Sobre as dúas da esquerda levántase o tellado da bufarda con dous vans pareados. O elemento máis destacado desta fachada é a galería da parte superior construída como elemento voado da liña do muro, característica da arquitectura autóctona e moi empregada na arquitectura indiana, así como o uso da cor e da datación, presentes nesta casa.

Nesta construción combínase o emprego da pedra e do cemento. Este último é un elemento característico da arquitectura indiana, xa que permitiu, sen altos custos, elaborar decoracións minuciosas que lle daban aos edificios un aspecto máis aparente, xa que no caso de ter utilizado a pedra ou a madeira tería sido un traballo máis dificultoso e caro. Segundo se recolle na publicación *Casas indianas. Pontevedra*, editado pola Xunta de Galicia, o promotor da vivenda tamén era construtor polo que coñecía as posibilidades que este material lle podía ofrecer.

Exemplos deste emprego ornamental do cemento obsérvanse nesta fachada nos perímetros de portas e ventás, nalgúns casos combinados con aplicacións cerámicas. Aprécianse motivos propios do estilo modernista e Art Decó, dándolle un aspecto ecléctico ao resultado final.

Portas e ventás foron substituídas por outras máis recentes.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: EST-04

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA